

### ACTA DA UNIDADE TÉCNICA

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE FORMIGÓN. EXP. REF.: 2024/C004/000019**

Sendo as 9:45 horas do día 29 de agosto de 2024 reúnese a Unidade técnica da licitación de referencia constituída por:

- Dona Ana Tabarés Martínez , técnica do servizo de Contratación e Patrimonio
- Don Luís Ramón Vázquez Parga, Interventor Municipal.

Dáse conta das seguintes actuacións:

1º. Acordo da Xunta de Goberno Local núm. 3/350 de 31 de xullo de 2024 polo que se aproba a contratación de referencia.

2º.- Anuncio de licitación e documento pregos publicado na Plataforma de Contratación do sector público o 6 de agosto de 2024, polo que o prazo de licitación establecido rematou o 22 de agosto de 2024 ás 18:00 horas.

3º.- O 22 de agosto de 2024 a empresa GRUPO BASCUAS 2008 S.L. presenta oferta no Rexistro Xeral do Concello, ás 16:45 horas, xunto cun escrito no que indica que non puido presentar oferta na plataforma de licitación LECOL xa que foi imposible localizar o expediente e contactar co servizo técnico.

Efectivamente existiu unha incidencia na tramitación do expediente xa que por erro nin se deu alta no sistema nin se publicou esta licitación en LECOL tralo anuncio de licitación en PLACE, polo que se impediu a presentación telemática das ofertas. Esta incidencia non foi advertida durante o prazo de licitación senón una vez rematado o prazo e tralo escrito presentado por BASCUAS.

Este erro implicaría a desistencia do procedemento; se ben, dado que os pregos administrativos e técnicos son correctos e non existe máis defecto que a ausencia da alta no sistema LECOL; a Unidade técnica considera conveniente, para a axilidade do procedemento e evitar reiteracións e demoras; **que se amplíe - de ser posible técnicamente - o prazo de licitación cunha duración igual ao de licitación indicado no prego de cláusulas administrativas para a nova presentación de ofertas;** con traslado desta acta á empresa GRUPO BASCUAS.

Asinado dixitalmente á marxe, facendo constar que esta acta se asina con posterioridade ao seu levantamento pola imposibilidade material dos seus membros de facelo na mesmo acto.

O Interventor, Luis Ramón Vázquez Parga

A técnica do servizo de Contratación, Ana Tabarés Martínez